

O impacto da crise económica no campo da Educación Ambiental en Galicia: análise comparada da situación profesional en 2007 e 2013

The impact of the crisis in the field of the Environmental Education in Galicia: analysis compared of the professional situation in 2007 and 2013

*Pablo A. Meira Cartea, María Barba Núñez e Juan José Lorenzo Castiñeiras.
Universidade de Santiago (Galicia-España)*

Resumo

O obxectivo deste artigo é realizar unha valoración fundamentada de como está incidindo na Educación Ambiental (EA) a fonda crise social e económica que está a padecer a sociedade galega. Para elo aplicouse un cuestionario unha mostra de 101 profesionais que traballaron ou traballan neste campo na comunidade autónoma de Galicia (España). Os datos resultantes permiten comparar a súa situación ocupacional no albor da crise, ano 2007, coa que tiñan a principios de 2013, no momento de aplicar a enquisa que sostén empiricamente o estudo. A perspectiva teórica de análise aséntase na noción de campo social proposta por Pierre Bourdieu, considerando a EA como un transcampo social con propiedades híbridas dos campos ambiental e educativo.

Abstract

The purpose of this article is to realize a based valuation of how there is affecting in the Environmental Education (EE) the deep social and economic crisis that is suffering the Galician community. For it a questionnaire was applied to a sample of 101 professionals who worked or they are employed at this field at the autonomous community of Galicia (Spain). The resultant information allows to compare his occupational situation in the beginning of the crisis, year 2007, with the one that they had at the beginning of 2013, in the moment to realize the survey that bases empirically the study. The theoretical perspective of analysis departs from the notion of social field proposed by Pierre Bourdieu, considering the EE like a social field with hybrid properties of the environmental field and the educational field..

Palabras-chave

Educación Ambiental, crise, campo social, profesionalización, Bourdieu.

Key-words

Environmental education, crisis, social field, professionalization, Bourdieu.

Introdución

O obxectivo deste artigo é realizar unha valoración fundamentada de como está incidindo no campo da Educación Ambiental (en adiante EA) a fonda crise social e económica que está a padecer a sociedade galega. Para elo analizouse unha mostra de profesionais que traballaron ou traballan neste campo na comunidade autónoma de Galicia, identificando como principal perspectiva analítica a comparación da súa situación socio-laboral no albor da crise, ano 2007, coa que tiñan a principios de 2013, no momento de coleccionar os datos que fundamentan empiricamente este estudo.

Esta investigación xurde da intuición entendida dentro dos axentes que operan no campo da EA de que a crise está servindo para desmontar o laboriosamente construído nas catro décadas de historia que este campo ten en Galicia. O período máis expansivo desta traxectoria pode datarse, precisamente, na década que precedeu ao comezo da crise, abarcando o último lustro do século XX e o primeiro do século XXI.

Entre os argumentos que se esgrimen para explicar o retroceso que está a experimentar a EA destaca, obviamente, a diminución dos orzamentos públicos e o arrefriamento xeral da actividade económica como consecuencias máis visibles das

políticas de recorte, axuste e austeridade aplicadas en todos os niveis da administración e da actividade económica privada. Neste sentido, é necesario destacar o peso que ten no campo da EA o financiamento público, directamente a través das iniciativas propias das administracións ou, indirectamente, pola marcada dependencia que recoñecen os axentes privados, os do ámbito empresarial ou os do chamado terceiro sector, dos orzamentos públicos (SOTO e PARDELLAS, 2010: 61).

As causas primarias da crise son ben coñecidas. O incremento desbocado no prezo das materias primas, principalmente dos combustibles fósiles e os alimentos, sumado á explosión da burbulla hipotecaria e o crack financeiro nos EE.UU., no ano 2008, xermolaron unha recesión económica a escala mundial que ten afectado intensamente ao continente europeo e, de xeito máis agudo, aos países da cunca mediterránea que, por distintas particularidades, resultaron máis vulnerables aos seus efectos. En España, a crise irrompeu con intensidade a partir do ano 2008, agravada polo excesivo endebedamento hipotecario do sistema bancario, xunguido ao colapso inmobiliario, e polos efectos negativos concatenados que se proxectaron sobre o conxunto da actividade económica. Aínda que en España a semente da crise agromou na esfera da economía privada, as súas consecuencias acabaron por afectar seriamente á facenda pública, agudizándose a crise coa asunción da débeda bancaria polo Es-

tado español nun “rescate parcial” pactado co BCE, o FMI e a UE. Esta manobra obrigou a asumir axustes fiscais e amplos recortes nas despendas públicas. As medidas impostas como condición para este “rescate” están a supoñer a degradación dun estado do benestar que aínda era incipiente, co conseguinte drenaxe dos recursos públicos que se destinaban a sufragar as súas columnas básicas: a educación, a sanidade, os sistemas de protección social e as pensións.

Máis aló da xénese fiscal da crise, tamén existe a sospeita de que esta situación está sendo aproveitada como coartada para impulsar e lexitimar un programa político e ideolóxico de corte ultra-liberal. Un programa que se traduce no despezo sistemático do sistema de servizos públicos e no adelgazamento do Estado para desgastar a súa capacidade, xa moi limitada nas condicións do capitalismo global, como axente regulador e compensador dos desequilibrios sociais xerados por un mercado dominado por pulsións puramente especulativas. De feito, mentres en España se deterioran os servizos que traballan na procura do benestar colectivo, como os ligados coa educación ou a preservación do ambiente, os recursos das administracións destínanse a enxugar as débedas bancarias; mentres crece o déficit nas contas públicas, empobrécese o conxunto da poboación e alcanza cotas históricas a taxa de persoas desempregadas e en situación de pobreza.

A EA, no conxunto do Estado español e particularmente en Galicia, está a sufrir intensamente esta situación. Como xa se apuntou, no colectivo de axentes ligados a este campo existe a percepción xeneralizada de que o impacto da crise na EA vai máis aló dos recortes proporcionais que cabería esperar e que padecen outros campos tanxenciais da acción educativa e ambiental. É dicir, existe a percepción de que a crise está sendo instrumentalizada, máis aló dos recortes nos orzamentos públicos e da erosión xeral da economía, como coartada perfecta para xustificar e lexitimar a demolición dun sector incómodo para o sistema e, en todo caso, prescindible sen asumir maiores custes políticos ou sociais.

Este proceso de demolición choca coas declaracións nacionais e internacionais que insisten en presentar a EA como unha ferramenta indispensable para construír unha sociedade que, cando menos retoricamente, aspire a ser cada vez máis sostible nos eidos ambiental, social e económico.

Se ben non é fácil facer un seguimento dos orzamentos públicos dedicados á EA, principalmente no marco das administracións autonómicas, algúns datos indican que os recortes non son tales dado que se procede sen miramentos a eliminar partidas, cancelar programas, pechar equipamentos e a prescindir dos profesionais que os facían viables (PARDELLAS e MEIRA,

2012). Noutros casos, os menos, a capacidade operativa dos recursos redúcese ao mínimo funcional o que, tratándose de iniciativas de carácter educativo, fai imposible responder con suficiencia e calidade aos fins e obxectivos para os que foron concibidos.

Ademais do impacto da conxuntura externa, tamén existe a percepción de que a crise está sendo particularmente destrutiva no campo da EA por algúns dos trazos internos que caracterizan a súa traxectoria histórica e a súa fráxil identidade como espazo social autónomo. A EA situaríase nunha especie de terra de ninguén entre os campos ambiental e educativo, adoptando as veces as formas e a cultura dun movemento social e outras expresando as tensións corporativas propias dun ámbito profesional de límites difusos e existencia precaria.

Máis aló das intuicións e experiencias significativas dos axentes que operan no campo da EA, non é fácil calibrar e obxectivar o impacto da crise sobre el. Para tentar facelo con certa robustez empírica decidimos centrar o foco da investigación nunha dimensión do campo que pode considerarse estrutural, tanto polo peso que ten ou debería ter na definición da súa identidade, como polas posibilidades que ofrece para acceder ao coñecemento da lóxica social do seu funcionamento. Esta dimensión é a situación profesional das persoas ligadas á Educación Ambiental en Galicia.

A análise da situación profesional dun campo pode ofrecer datos moi relevantes sobre a súa saúde, sobre a importancia real que ten para a sociedade e para as súas institucións, e tamén sobre os procesos e as variables que operan na construción da súa identidade. Se o campo sometido a este exame é a EA, a relevancia da análise é, se cabe, maior. Primeiro, pola carencia de estudos empíricos que exploren esta dimensión. E, segundo, porque a retórica das políticas educativa e ambiental segue a concederlle á EA unha relevancia e un estatus de prioridade que, sospeitamos, está lonxe de traducirse na práctica.

Para esta aproximación empírica tomáronse como referencia dous momentos no tempo: o ano 2007, xusto antes de que se desatase a fase máis aguda da crise, e o comezo do ano 2013, xa efectuado o denominado “rescate bancario” e coa sociedade española en estado de shock pola aplicación drástica das políticas de axuste fiscal e as súas consecuencias en termos de degradación das cotas de benestar previas á crise. Cando se aplicou o cuestionario, a posibilidade dun rescate total da economía española aínda non estaba completamente descartada.

Coa análise retrospectiva e lonxitudinal que se pretende realizar sobre a situación social e ocupacional das persoas ligadas profesionalmente ao campo da EA en Galicia quérense testar dúas hipóteses.

A primeira refírese ao impacto máis agudo da crise sobre o campo da EA en comparación con outros afíns e co impacto que está a ter sobre a sociedade galega no seu conxunto. De ser así, por exemplo, cabería esperar que a destrución de emprego e a precarización nas condicións laborais dos e das profesionais da EA foran máis intensas que noutros ámbitos ou sectores.

A segunda deriva da anterior: que a EA está sufrindo un desgaste e un retroceso considerables nos logros acadados deantes da crise, principalmente durante o período de relativo esplendor que se inicia nos últimos anos do século pasado e que comezaría a súa inflexión negativa no ano 2007.

A educación ambiental como campo

Cando se fala do “campo” da EA e dos efectos da crise sobre o mesmo non se está a facer unha simple analoxía topolóxica. Utilízase esta expresión porque se parte da comprensión da Educación Ambiental como un “campo” no sentido sociolóxico que Pierre Bourdieu deulle a este concepto. Para BOURDIEU (1997), un “campo” é un universo social intermediario, un espazo relativamente autónomo dotado das súas propias leis e regras de funcionamento, e que dispón, respecto ao espazo

social máis amplo, dunha autonomía parcial máis ou menos acentuada.

O uso do concepto de “campo” supón apostar por un pensamento relacional que se achega á comprensión de todo elemento a partir da análise das relacións que o unen a outros do sistema, outorgándolle o seu sentido e a súa función (BOURDIEU, 2007). A sociedade moderna preséntase como un espazo conformado por campos que se estruturan e relacionan entre si, á vez que posúen unha determinada estrutura interna. Os campos configúranse, internamente e na relación con outros campos, como espazos de conflito entre actores enfrontados dende as súas posicións na definición da estrutura e da orde social, condicionados estes actores por relacións de forza e dominación.

Na estruturación da EA como espazo social e simbólico, propoñemos definilo como un “transcampo” (MEIRA, 2009): un espazo social particular que se xera na intersección de dous campos, o educativo e o ambiental, que aportan distintas propiedades sociais e distintas lóxicas de estruturación. Esta dobre identidade opera como dilatador da porta de entrada ao campo, dando cabida dentro del a persoas con perfís formativos e profesionais moi diversos. A súa natureza híbrida é un dos trazos característicos da EA: un espazo multidisciplinar no que conviven, non sempre harmonicamente, distintas culturas disciplinares e profesionais; unha

diversidade que, aínda que enriquecedora, tamén ten dificultado a súa delimitación identitaria e profesional.

A comprensión da EA como campo implica unha análise atenta aos conflitos que se producen no seu interior na pugna simbólica por definir a súa identidade. Un destes conflitos ten que ver coa súa dupla identidade: a dos actores que priman a dimensión ambiental fronte aos que priman a dimensión educativa. Por exemplo, a clasificación nacional de cualificacións profesionais (Ministerio de Educación, Cultura e Deporte) da conta deste conflito, ao inscribir a formación dos perfís de Interpretación e Educación Ambiental (RD 814/2007), así como o recentemente creado de Educación e Control Ambiental (RD 384/2011), clasificado na familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente, e non, por exemplo, na familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade. Todo elo, a pesar de que o seu obxecto é, en rigor, esencialmente educativo, dado que non incide tanto sobre o ambiente, como sobre as sociedades humanas e as súas representacións e relacións co ambiente.

Unha análise das clasificacións profesionais asociadas ao campo da EA feitas por diferentes organismos (INSTITUTO SUPERIOR DE MEDIO AMBIENTE, 2012; FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD E OBSERVATORIO DE LA SOSTENIBILIDAD EN ESPAÑA, 2009; INSTITUT MEDITERRANI PEL DESENVOLUPAMENT SOSTENIBLE, 2008), mostra a dificultade para establecer os seus lími-

tes. Esta situación tradúcese en propostas diversas que recorren a categorías como educador ambiental, técnico especialista en información ambiental, coordinador de programas e centros de educación ambiental, comunicador ambiental, informador ambiental, periodista ambiental, técnico especialista en educación ambiental, intérprete ambiental ou monitor na natureza. A análise nominal destas categorías permite visualizar o predominio da dimensión informativa e comunicadora fronte á educativa, ademais de amosar certa confusión con perfís profesionais alleos ou tanxenciais ao campo.

Dende esta óptica, a EA configúrase como un espazo social movedizo, de límites imprecisos e nun estado de permanente indefinición conceptual, identitaria e profesional. A súa leividade como campo fai que a EA poida selo todo ou case todo, asignándolle esta etiqueta a actividades diversas relacionadas co ambiente e, a súa vez, non ser nada ou case nada, outorgándolle escasa relevancia e minorando a súa capacidade para cumprir os obxectivos que lle atribúen as ambiciosas declaracións nacionais e internacionais.

Pódese afirmar que a EA, na súa curta traxectoria, ten amosado un escaso coeficiente de refracción, entendido como a capacidade para trasladar á praxe social as súas lóxicas e fundamentos de existencia. Non é este un problema exclusivo da EA, senón en xeral do campo ambiental.

Se nas últimas décadas se tiña avanzado na conquista do Estado de Benestar, a cuestión ambiental non chegou a instituírse e recoñecerse socialmente como pilar básico do mesmo. Nin a cidadanía nin o Estado percíbena como tal, o que leva á súa consideración como unha dimensión subsidiaria e prescindible en etapas de crise económica como a actual. Neste sentido, a EA preséntase como un campo no que operan finalidades diferentes ou, incluso, contrapostas, ás dominantes na sociedade de consumo, constituíndose como unha actividade incómoda na medida en que cuestiona ou pretende cuestionar a orde establecida. Así, por exemplo, nunha sociedade onde o crecemento é sinónimo de progreso, a EA traballa por sinalar as fronteiras físicas da biosfera que fan inviable un crecemento sen límites; ou, nunha sociedade onde a apropiación privada dos recursos naturais forma parte da lóxica de funcionamento do mercado, a EA traballa pola redistribución destes recursos entendidos como bens comúns, e pola equidade no acceso aos servizos que proporcionan. Con todo, as tensións políticas, éticas e ideolóxicas que condicionan o papel da EA en Galicia quedan publicamente invisibilizadas baixo a aparencia dun recorte xustificable e necesario nunha conxuntura sen alternativas.

Unha das principais debilidades do campo da EA radica, por tanto, no seu escaso nivel de autonomía. A súa heteronomía maniféstase na dependencia respecto a

decisións políticas externas que coartan e condicionan o seu desenvolvemento, e nunha posta en cuestión permanente dos seus obxectivos, da súa utilidade pública ou da súa capacidade para responder a necesidades sociais prioritarias. Podemos estar diante dunha demolición determinada pola falta de poder do campo da EA na loita fronte aos campos que responden ás lóxicas neoliberais e que están no cerne da crise socio-ambiental contemporánea.

Metodoloxía e deseño do estudo

O referencial empírico do estudo obtívose realizando unha enquisa on-line a unha mostra de profesionais vinculados ao campo da Educación Ambiental en Galicia. O cuestionario utilizado elaborouse para captar a situación profesional, ocupacional e social destas persoas no ano 2007 e no comezo do ano 2013, cando foi aplicado.

Para acoutar o universo de partida tomouse como referencia inicial o cálculo que recolle o *Informe de empleo verde en una economía sostenible* promovido polo Observatorio de la Sostenibilidad en España (JIMÉNEZ HERRERO e LEIVA, 2010: 24) que cuantificou en 345 as persoas ocupadas en Galicia no ámbito da “educación e a información ambientais” no ano 2009. Malia

cuestionable precisión desta cifra, dado que o mesmo informe aclara que é unha estimación feita sobre datos referidos ao sector privado, non existe outra fonte primaria á que recorrer¹.

A estimación do universo de referencia é importante para calibrar a representatividade da mostra, pero non resolve o problema de identificar e localizar aos e ás profesionais que a integren para aplicar o cuestionario. Para solucionar esta cuestión e dado que o dato fundamental era a dispoñibilidade dos correos electrónicos, recorreuse a unha estratexia sinxela: na medida en que a poboación obxecto de estudo delimita un colectivo concreto, decidiuse solicitar acceso aos directorios de dúas institucións claves no campo da Educación Ambiental galega. Estas institucións, polos seus fins e as accións que desenvolven, tiveron ou teñen conexións coa práctica totalidade do universo poten-

1 O informe do OSE destaca que “los nuevos yacimientos de empleo no pueden ser lo suficientemente cuantificados, en la medida en que no existen datos oficiales ni encuestas que puedan cubrir el vacío de datos” (Jiménez Herrero e Leiva, 2010: 11). Esta é a situación da EA. A panorámica que se ofrece deste sector baseouse en cuestionarios aplicados en 2009 a 90 empresas de todo o Estado, das que só 7 eran galegas (Ibid., 2010: 350). O informe estima que a EA sumaría 7.871 empregos en España, supoñendo o 1,5% do emprego verde no conxunto do Estado. Un estudo máis recente estimou que en 2010 había 15.175 persoas ocupadas no sector da “Educación e Formación ambiental” en todo o Estado (Escobar e Jiménez, 2011: 34), o que suporía o 4,7% do total do emprego na “economía verde” española. Este estudo non ofrece unha estimación por comunidades autónomas.

cial de estudo, constituíndo unha opción metodolóxica aceptable para compoñer unha mostra minimamente representativa (HERNÁNDEZ, FERNÁNDEZ e BAPTISTA, 2006: 274). O listado definitivo de contactos foi elaborado a partir dos correos electrónicos facilitados polo CEIDA e a SGEA. Unha vez depurados os duplicados, a lista quedou establecida en 391 persoas, ás que se lle remitiu o cuestionario vía internet.

Esta cifra é superior ao universo estimado polo informe do Observatorio para la Sostenibilidad en España (JIMÉNEZ HERRERO e LEIVA, 2010: 24), que cuantificou en 341 os e as profesionais da EA activos en Galicia. O baile de cifras expresa a natureza difusa das fronteiras da EA como campo profesional específico e diferenciado. Este factor non supuxo unha eiva metodolóxica importante xa que no protocolo do cuestionario solicitouse ás persoas pre-seleccionadas que, de non ter exercido nunca como educadoras ambientais, non o contestaran. Ademais, na fase de depuración posterior excluíronse ás persoas que nas súas respostas recoñecían que nunca estiveran vinculadas profesionalmente co campo.

Finalmente obtivéronse 133 cuestionarios válidos, que quedaron reducidos a 101 tras a súa depuración. Se ben a mortalidade foi elevada en termos absolutos, a taxa de resposta resultante, do 25,8%, considérase satisfactoria e acorde co

procedemento telemático empregado, alcanzando un nivel de representatividade suficiente. Tendo en conta que o universo de poboación inicial era de $N=345$, e o nivel de reposta foi do $n=101$, cun nivel de confianza dun 95%, para $p=q=0,5$, o erro absoluto mostral fíxase no $\pm 8,21\%$.

O cuestionario foi aplicado facendo uso da aplicación web de realización de enquisas “e-encuesta” (Webtools S.L.), que permaneceu aberta do 27 de decembro de 2012 ao 28 de xaneiro de 2013. Durante este período remitíronse tres recordatorios ás IP das persoas que aínda non tiveran accedido ao cuestionario. O feito de considerar como remitente unha IP eliminou a posibilidade de que unha mesma persoa puidera remitir máis dun cuestionario.

O cuestionario aplicado consta de dúas partes. Unha primeira, composta por 9 preguntas, está configurada con variables de segmentación (idade, xénero, procedencia, nivel de estudos, perfil formativo e composición do núcleo familiar); e unha segunda, con cuestións que exploran a situación profesional e laboral da persoa no ano 2007, ao comezo da crise, e no momento de realizar a enquisa.

Esta segunda parte, composta por 12 preguntas, combina 6 preguntas fechadas (de resposta única ou de multi-resposta) con 6 preguntas de resposta aberta breve referidas ao ámbito de traballo, o nivel de cualificación, a situación contractual,

a dedicación, o salario e a tipoloxía das actividades que se desenvolveron ou desenvolven no exercicio da profesión. O cuestionario remata con dúas escalas subxectivas para que cada persoa valore a correspondencia do traballo que realiza co que pensa que é ou debe ser a EA, a primeira, e o grao de satisfacción coa súa actividade profesional, a segunda.

Os cuestionarios recibidos depuráronse atendendo a dous criterios: eliminar os que estiveran incompletos (17 casos) e os remitidos por persoas que recoñeceran explicitamente que nin traballaron nin traballan no campo da EA (2 casos). Tamén foron descartados os enviados por quen exercen profesionalmente dentro do sistema escolar (13 casos), dado que a súa profesión non é a de educador ou educadora ambiental senón a de mestre ou profesor. A mostra quedou establecida en 101 casos válidos. Para o tratamento estatístico da información empregouse o programa de análise de datos SPSS.

O perfil socio-demográfico dos e das profesionais da EA en Galicia

A aproximación á situación dos e das profesionais da Educación Ambiental en Galicia non pode facerse dende a súa caracterización como un colectivo uniforme. Máis

ao contrario, tal aproximación debe calibrar ás diferentes posicións que definen o espazo social que constitúen e ocupan. Esta perspectiva tórnase imprescindible na atención ás condicións socio-profesionais -ou condicións de existencia- nas que estas persoas definen o seu rol e desenvolven o seu labor, así como para avaliar o impacto que está a ter o actual proceso de desmantelamento do campo, ao abrigo da crise ou motivado por ela.

A primeira parte da enquisa foi deseñada para obter unha radiografía socio-demográfica destes profesionais atendendo aos posibles factores que estruturan internamente ao colectivo. Neste sentido, preséntase unha descrición tendo en conta a idade, o xénero, o nivel e tipo de estudos realizados, o ano de inicio como profesional e o perfil do núcleo familiar no que viven. Esta última variable incorpórase para valorar a súa vulnerabilidade social, explorando as posibles derivacións persoais e familiares da evolución nas condicións laborais.

En relación ao perfil socio-demográfico da mostra, os gráficos 1 e 2 dan conta da distribución segundo xénero e idade. O primeiro que destaca é a marcada feminización do campo, no que as mulleres supoñen o 68,3% da mostra. Os datos tamén expresan unha limitada renovación xeracional: a maioría das persoas enquisadas, o 62,4%, teñen entre os 30 e os 40 anos de idade, sendo elocuente que non hai ningunha persoa menor de 25 anos.

Na identificación das características do núcleo familiar (gráfico 3), practicamente 3 de cada 4, o 71,3%, declaran non ter fillos nin outros familiares ao seu cargo. Esta é unha característica salientable do colectivo, máxime cando o 87,1% das persoas ten por enriba dos 30 anos de idade. As explicacións deste perfil, que distingue claramente a este colectivo do conxunto da sociedade, poden ser moi diversas. En primeiro lugar, esta particularidade pode reflectir opcións vitais nas que a renuncia a ter fillos é unha elección consciente. Pero tamén pode atribuírse a condicionamentos sociais e económicos vinculados á




Gráfico 1. Distribución segundo xénero




Gráfico 2. Distribución segundo xénero e idade




Gráfico 3. Perfil socio-familiar

precariedade do campo (salarios baixos, inestabilidade contractual, marcada estacionalidade, etc.) que inhiben ou aprazan a decisión de ter descendencia diante das responsabilidades sobre terceiros que implica. A estas restricións socio-profesionais pódese sumar a experiencia dunha traxectoria formativa longa, condicionando esta suma de factores a baixa taxa de persoas con cargas familiares entre os educadores e as educadoras ambientais.

Como se observa no gráfico 3, a situación máis extrema é a que padecen o 5,9% das persoas con cargas familiares pero non dispoñen de ningunha fonte de

ingresos na súa unidade de convivencia. A elas cabe agregar, dada a precariedade dos salarios que despois se comentará, o 8,9% que conviven nun núcleo familiar cunha única fonte de ingresos.

No que se refire ao ano de incorporación profesional ao campo da EA, apréciase unha tendencia claramente expansiva de 1996 a 2007, rexistrándose o maior número de incorporacións entre 2004 e 2007. No último bienio considerado, 2012-2013, o ritmo de incorporacións sitúase por debaixo do primeiro bienio da serie, aínda que o punto máis baixo prodúcese en 1994-1995 (gráfico 4). A pronunciada infle-




Gráfico 4. Ano de incorporación como profesional da educación ambiental (distribución por bienios).

xión que se constata a partir de 2007 reflicte o impacto que a crise está a ter no campo da EA, facéndoo cada vez menos atractivo como nicho de profesionalización. É preciso ter en conta que o ano de incorporación non presupón un exercicio profesional continuado, pero permite visualizar os períodos de maior demanda e, polo tanto, da maior capacidade do campo para xerar actividade e emprego.

O pulo das incorporacións que se inicia no bienio 1996-1997 e acada o seu cénit no bienio 2004-2005 pode estar asociado coa creación no ano 1997 da Consellería de Medio Ambiente. Dentro da estrutura desta consellería funcionou o Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental (CITA), un organismo que concentrou unha incipiente política autonómica en materia de EA. No proceso de institucionalización da EA en Galicia esta etapa supuxo o impulso de liñas de traballo específicas dentro da administración autonómica cunha intensidade como non se fixera antes nin, polo visto, tampouco despois. Nesta conxuntura incrementáronse os recursos e as subvencións destinados ao terceiro sector, a municipios e empresas, para alimentar diversas iniciativas que se poden enmarcar no campo da EA. Nesta etapa concretouse a *Estratexia Galega de Educación Ambiental* (1999), o primeiro intento de instituír un marco explícito e con certo nivel de participación social que orientase as políticas públicas de EA en Galicia.

Os datos que describen o perfil formativo da mostra expresan o peso do capital cultural entre os e as profesionais da EA. O 94,0% da mostra declara posuír estudos de grao superior: o 88,1% universitarios e o 5,9% de ciclos superiores de FP. Redundando máis, se cabe, neste perfil, o 14,9% da mostra afirma ter cursado máis dunha carreira universitaria ou ter complementado os seus títulos de licenciatura ou diplomatura coa realización de estudos de mestrado, posgrao ou terceiro ciclo. Estes datos son o suficientemente elocuentes para poder cualificar a este colectivo profesional como hiper-formado².

Con respecto a esta variable, os datos que falan dun alto nivel de formación entre os e profesionais da EA en Galicia son máis contundentes que os aportados polo estudo do OSE para España. Destaca o OSE

2 Preferimos o concepto de "hiper-formación" ao de "sobre-formación". Este último concepto pode transmitir unha idea negativa, dun "exceso de formación" que superaría a cualificación necesaria para o perfil das tarefas que se realizan na EA, cando realmente entendemos que este alto nivel de formación inicial é necesario para boa parte das funcións e responsabilidades que teñen que asumir. Esta realidade pode contrastar coa imaxe da EA que ten a sociedade no seu conxunto e determinados axentes institucionais, como un campo debilmente cualificado e, o que é peor, como un campo no que non se precisa unha alta cualificación. Outra cuestión é si as titulacións universitarias que posúen 9 de cada 10 profesionais da mostra aportan a cualificación esixible para exercer como educadores ou educadoras ambientais, así como o papel da formación inicial e da formación permanente na súa especialización. En todo caso, o cuestionario non ofrece datos para afondar nestas cuestións.

que “*el nivel de formación en este sector es muy elevado en comparación con el promedio de la economía verde y de la economía española*” (JIMÉNEZ HERRERO e LEIVA, 2010: 214). Os redactores do informe atribúen esta característica a que a EA é dunha actividade intensiva en coñecemento que demanda persoas con titulación universitaria ou formación profesional de nivel superior. Concordando con esta interpretación, tal perfil é aínda máis acusado en Galicia: no sector da EA, o informe do OSE cifra no 66% as persoas que posúen estudos universitarios a nivel de todo o Estado, presenza que o noso estudo eleva ao 88,1% en Galicia. Segundo datos aportados tamén polo OSE, este dato é aínda máis sorprendente ao contrastalo co peso que os titulados universitarios teñen noutros sectores da economía verde, o 36% de media, ou no conxunto da economía española, o 24%. En contraste, os profesionais con titulación de FP no conxunto do Estado, o 15% (JIMÉNEZ HERRERO e LEIVA, 2010: 214), triplican a presenza deste colectivo na EA galega, o 5,9%.

Para matizar esta cuestión é preciso ter en conta que as preguntas relacionadas coa formación incorporadas á enquisa refírense unicamente á formación regrada, cando un aspecto que caracteriza as e aos profesionais que exercen no campo da EA é a súa inversión intensiva e permanente en formación non regrada (cursos, seminarios, congresos, etc.), constituíndo un trazo fundamental da súa cultura corporativa

(LOIS, 2007; MEIRA e PARDELLAS, 2010). O feito de non ter explorado esta dimensión da traxectoria formativa, dadas ás limitacións do cuestionario, reduce as posibilidades para calibrar como pode influír a hiperformación en como os axentes da EA están a capear a crise.

En canto aos perfís formativos, os datos dispoñibles amosan unha dobre identidade do campo atendendo a esta variable. Entre as persoas con estudos universitarios (gráfico 5 e táboa 1), apréciase unha lixeira primacía das ciencias naturais fronte as ciencias sociais e xurídicas, seguidas dos estudos técnicos ou enxeñerías, e unha pequena presenza de estudos de humanidades.

Ao analizar con detalle as titulacións cursadas, destaca a porcentaxe de persoas que posúen a Licenciatura en Bioloxía ou equivalente: o 35,6%. Un segundo grupo polo seu peso cuantitativo está integrado por persoas que con titulacións ligadas ás Ciencias da Educación, que suman o 22,2% de quen cursou estudos superio-




Gráfico 5. Rama e titulación universitaria cursada.

Bioloxía	32
Cc. Ambientais	5
Cc. do Mar	3
Química	1
Enx. de Montes	3
Enx. Técnica Forestal	5
Enx. Agrónoma	2
Enx. Técnica Agrícola	2
Enx. en Bioprocesos	1
Filosofía	1
Historia	1

Táboa 1. Rama e titulación universitaria cursada.

res. Considerando o total deste grupo, o 35,0% cursou estudos de Maxisterio, o 35,0% da Licenciatura en Pedagogía e o 30,0% restante da Diplomatura en Educación Social³. Esta distribución contrasta co retrato que ofrece no Informe empleo verde en una economía sostenible (JIMÉNEZ HERRERO e LEIVA, 2010: 216), que identifica os estudos de Maxisterio como a única formación superior vinculada ás Ciencias da Educación con presenza no ámbito da EA. Esta discrepancia é outra chamada de atención sobre a carencia de estudos de

3 Que a Diplomatura de Educación Social, agora co nivel de Grao, sume un terzo das persoas con titulación no ámbito das Ciencias da Educación, con 6 casos rexistrados no conxunto da mostra, resulta un dato especialmente relevante tendo en conta que esta titulación ten sido incorporada en tempos relativamente recentes na oferta das universidades galegas: as primeiras promocións de Educadores e Educadoras sociais graduáronse no curso 1996-97 na USC e na UVIGO, e no curso 1998-99 na UdC.

Pedagogía	4
Educación Social	6
Cc. da Educación	3
Maxisterio	7
Socioloxía	2
Traballo Social	2
Graduado Social	1
Psicoloxía	1
Turismo	5
Dereito	1
Relacións Laborais	1
Relacións Internacionais	2

calidade sobre a situación profesional da EA en España.

Entre as 6 persoas que declararon ter cursado ciclos superiores de Formación Profesional dáse unha gran diversidade, inscribíndose, de novo, en perfís especializados que se moven entre o campo socio-educativo (condución de actividades físico-deportivas no medio natural, animación sociocultural) e o ambiental (xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos, xestión forestal e do medio natural e química ambiental). Esta diversidade, tanto nas titulacións universitarias como nos ciclos superiores cursados, pon de manifesto a imposibilidade para definir un perfil unívoco na formación inicial dos e das profesionais da EA.

Evolución da dimensión profesional da EA entre 2007 e 2013

O obxectivo principal deste estudo é captar a evolución experimentada polo campo da Educación Ambiental en Galicia dende o inicio da crise, no ano 2007, ata o momento no que foi aplicado o cuestionario, a principios de 2013. Para esta aproximación lonxitudinal, a análise céntrase en tres dimensións que toman como referencia as posibles mudanzas constatadas na situación dos e das profesionais da EA que integran a mostra: cambios no seu perfil laboral e profesional, mutacións nas actividades que realizan e posibles alteracións nos seus niveis de cualificación.

Na topoloxía do campo atendendo aos eidos laborais, o estudo distingue cinco grandes sectores: o sector privado, que engloba tamén ás empresas cooperativas; o terceiro sector, que agrupa ás asocia-

cións e organizacións non gobernamentais; o sector das administracións (central, autonómica e local); outros ámbitos subsidiarios da EA, como institutos de investigación ou universidades; e unha última categoría que agrupa ás persoas que están desempregadas e ás que, en 2007 ou na actualidade, exercían ou exercen nun ámbito profesional diferente ao da EA (Gráfico 6).

O gráfico 6 reflicte alteracións substanciais na estrutura ocupacional do sector ao comparar a situación en 2007 coa verificada a principios de 2013. O primeiro que destaca é a perda de activos en todos os sectores ocupacionais contemplados. O terceiro sector é o que experimenta unha erosión máis acentuada, mingando máis da metade das persoas que tiñan nel o seu nicho ocupacional: se este ámbito absorbía en 2007 ao 19,8% dos profesionais do campo, en 2013 esta porcentaxe cae ao 7,9%. A análise cruzada dos datos permite visualizar os tránsitos entre os distintos




Gráfico 6. Eidos da Educación Ambiental




Gráfico 7. Transvases entre eidos laborais de 2007 a 2013

eidos laborais producidos neste intervalo. Esta análise aporta perspectivas moi negativas sobre a situación actual e, o que é máis preocupante, sobre a previsible evolución do campo a curto e medio prazo. O gráfico 7 parte do eido no que as persoas exercían o seu labor profesional en 2007 (eixo vertical) para rexistrar nas barras horizontais os eidos nos que a exercían a principios de 2013, visualizando os transvases producidos.

Con respecto ao período considerado, o sector máis estable e, por tanto, o que rexistra un menor transvase de activos é o das administracións públicas: 7 de cada dez profesionais que traballaban neste sector en 2007 seguen a facelo en 2013; unha porcentaxe mínima, o 4,2%, migrou cara a outros sectores da EA, e 1 de cada 4 (o 25%) afirma non ter en 2013 emprego remunerado ou estar ocupado fora do campo. Sendo menor que a experimentada noutros eidos, a redución do emprego público reflicte a inhibición dos diferentes

niveis administrativos (central, autonómico e local) con respecto á EA e fala tamén da precariedade das situacións contractuais previas á crise. Aínda así, o emprego público ligado á EA resiste mellor a crise que noutros ámbitos. Mesmo o INEM (2010: 211), nos inicios da crise, considerou que a EA non era dos sectores máis castigados na esfera do emprego verde público. Este mellor comportamento pode ser atribuído a que os recortes nos orzamentos públicos impactaron máis tardiamente no persoal ligado ás administracións que noutros sectores; e mesmo a que os recortes afectaron primeiro aos profesionais contratados por empresas privadas ou por colectivos do terceiro sector cuxo financiamento dependía en gran medida dos orzamentos públicos, principalmente a escalas municipal e autonómica.

Pola contra, o sector privado é o que máis transvases rexistra e o que, con diferenza, sofre unha retracción máis aguda e unha maior inestabilidade na situación laboral




Gráfico 8. Comparativa entre o 2007 e o 2013 con respecto ao tipo de actividades que se realizan (porcentaxes, engádese a porcentaxe de perda ou ganancia entre ambos anos)

dos e das profesionais da EA que tiñan nel o seu nicho ocupacional denantes da crise. Así, o 43,2% das persoas que no ano 2007 estaban ocupadas no sector privado, afirman non ter emprego remunerado en 2013 ou telo nun ámbito alleo á EA. Se este transvasamento non se traduce nunha perda de peso proporcional deste sector en relación ao conxunto do campo (pasa dun 36,6% en 2007 a un 28,7% en 2013) débese a que o 35% das persoas que no primeiro ano do período considerado estaban ocupadas no terceiro sector afirman estalo en 2013 no eido privado.

Atendendo á evolución da tipoloxía de accións de EA desenvoltas, a lectura comparada entre 2007 e 2013 deixa un panorama desolador. O gráfico 8 representa as porcentaxes de profesionais que afirmaron

realizar cada tipo de actividade en 2007 e 2013. A porcentaxe superposta na barra de 2013 indica a redución experimentada neste ano con respecto a 2007. O primeiro que destaca é a evidente diminución en todas as actividades contempladas. As maiores caídas rexístranse nas relacionadas coa xestión de equipamentos e nas ligadas aos espazos naturais; as menores, nas actividades de promoción da participación e na realización de roteiros urbanos. En todo caso, as actividades menos castigadas son tamén as que menor peso tiñan en 2007. Do resto, cabe destacar que son as relacionadas co turismo e o lecer as que mellor resisten o embate da crise. Unha menor vulnerabilidade atribuíble, posiblemente, a que son actividades ligadas a sectores fronteirizos ao da EA, convertidos en refuxio diante da dificulta-

de para manter ocupacións cunha finalidade educativa máis clara.

Como xa se destacou, as actividades ligadas aos equipamentos son as que sofren maior desgaste (-41,5%). Este dato evidencia varios factores converxentes. Por unha parte, o peche da maior parte dos equipamentos públicos, tanto autonómicos como municipais, xunto cos drásticos recortes aplicados (redución de horarios, de orzamentos e persoal, das actividades, etc.) nos que manteñen algún tipo de actividade. A elo cabe sumar a difícil supervivencia dos equipamentos de titularidade privada, afectados pola diminución dos orzamentos públicos e pola retracción dunha demanda particular que nunca foi especialmente intensa.

O que a crise tamén está a desvelar é que a apertura de equipamentos de Educación Ambiental ten que ir dirixida por un proxecto educativo, social e orzamentario sólido, fundamentado, coherente e explícito. Un proxecto deseñado cun horizonte a medio e longo prazo que parta dunha premisa elemental: que os recursos humanos e o programa pedagóxico que guíen o seu desempeño, máis que a simple existencia da infraestrutura, son as trabes para que se poidan concretar as súas funcións sociais, ambientais e educativas. O que a situación actual tamén está a por de manifesto é que a Educación Ambiental en Galicia ten sido utilizada demasiadas veces como coartada para lexitimar operacións que tiñan

máis que ver cos intereses das empresas construtoras que con necesidades socio-educativas identificadas. SERANTES (2013: 226) cualifica a situación dos equipamentos de Educación Ambiental en Galicia de desalentadora e contraditoria, *“desalentadora porque a maior parte dos centros de carácter público están pechados, e contraditoria porque as Administracións seguen a investir cantidades millonarias na creación de novos centros que, con total certeza, acabarán pechados como os que xa existían”*.

A gran dependencia dos orzamentos públicos e das iniciativas e programas promovidos polas administracións, por unha parte; e as condicións de precariedade nas que os profesionais ligados á EA xa viñan desenvolvendo a súa actividade, por outra (MEIRA e PARDELLAS, 2010), son propiedades estruturantes do campo que amplifican o impacto da crise. Nesta situación de debilidade é comprensible que a praxe educativa se afaste cada vez máis dos fundamentos e obxectivos de cambio socio-ambiental que xustifican a existencia da EA.

Os matices desta erosión percíbense tamén cando se lles pediu ás persoas da mostra que valorasen nunha escala de 1 a 5 a correspondencia entre o traballo que realizaban en 2007 e a principios de 2013, e o que elas entenden que debe ser a Educación Ambiental. A media obtida é de 3,5 puntos no ano 2007 e 3,2 puntos no ano

2013. Os valores rexistrados nos dous casos non son elevados, o que debe levar a unha fonda reflexión sobre a consistencia e a coherencia entre o que se fai como EA e os principios e valores aos que se supón debe responder a súa praxe educativa. A diferenza de tres décimas nas puntuacións medias resultantes parece indicar un impacto limitado da crise na evolución deste indicador. Pero resulta significativo que a varianza medida neste ítem pasou de 1,19 puntos en 2007 a 1,90 en 2013, o que indica que a discrepancia na coherencia percibida entre as actividades que se realizan e o que debe ser a Educación Ambiental aumentou de xeito significativo para un número elevado de profesionais, aínda que a media só minguase tres décimas.

Na satisfacción co exercicio profesional, a caída na puntuación media é maior que no indicador precedente: no ano 2007 a media da satisfacción era de 3,85 puntos e no 2013 caeu ata 3,12 puntos. Non se pode precisar se a valoración do grado de satisfacción está máis condicionada polo empeoramento das condicións laborais (tipo de contrato, xornada, salario, etc.) ou pola degradación do que se fai baixo a etiqueta de EA. Apréciase, de novo, un notable aumento da heteroxeneidade nas valoracións entre 2007 e 2013, pasando de 1,01 puntos de varianza no primeiro ano a 1,97 puntos no último. O incremento da varianza interna, tanto na identificación coa EA das tarefas realizadas como no grao de satisfacción profesional, poden estar indi-

cando que a crise está a marcar diferenzas máis acusadas dentro do propio colectivo, tanto nas condicións laborais nas que exercen o seu labor os e as profesionais como na coherencia educativa das actividades que realizan.

Unha outra cuestión sonda de xeito descriptivo o nivel de cualificación asociado aos distintos roles profesionais, tomando como referencia os 5 niveis que establece a Unión Europea (Instituto Nacional de las Cualificaciones, 2008: 9). Os resultados (gráfico 9) mostran que, tanto en 2007 como en 2013, a maioría da mostra auto-clasifícase no nivel de cualificación 2 (“actividades profesionais que esixen de coñecementos propios, con autonomía dentro da súa aplicación”), no nivel 3 (“actividades profesionais con autonomía e responsabilidade en coordinación, supervisión e avaliación”) e no nivel 4 (“actividades profesionais complexas, en gran variedade de contextos, referidas a planificación, definición ou desenvolvemento de proxectos, procesos ou produtos”). As diferenzas entre os dous anos aportan unha valoración importante: os niveis de cualificación que están a resistir mellor o embate da crise son os superiores, 4 e 5, fronte a maior vulnerabilidade que rexistran as persoas que en 2007 auto-clasificáronse nos niveis 2 e 3. A maior retracción rexístrase no nivel 3, pasando de acoller ao 27% da mostra en 2007 ao 15% en 2013. A menor perda relativa rexístrase no nivel 4, que pasou de encadrar ao 20% da mostra en 2007 ao




Gráfico 9.
Distribución da mostra por niveis de cualificación

18% en 2013. É precisamente este nivel o que a principios de 2013 acolle a un maior número de profesionais, primacía que tiña o nivel 3 denantes da crise.

A análise da evolución da situación laboral da EA entre 2007 e 2013 mostra os estragos da crise en Galicia. Tomando como referencia a situación contractual, a degradación é máis que evidente. Como recolle a táboa 2, practicamente todas as modalidades contractuais de maior calidade e máis estables perden peso relativo no conxunto da mostra: persoas con contrato laboral indefinido, a tempo completo ou a tempo parcial, e persoas con contratos de duración indeterminada. Estas categorías sumaban o 51% da mostra en 2007 e caen ao 38% en 2013. A perda de efectivos concéntrase fundamentalmente nos contratos laborais a tempo completo e a tempo parcial. Os contratos laborais de carácter indefinido e os de duración indefinida parecen resistir mellor a crise. A categoría cunha maior caída é a que agrupa as situacións contractuais por prestación de servizos, que pasou do 17% da mostra en 2007 ao 9% en 2013, unha perda de prac-

ticamente o 50% no intervalo considerado.

As persoas que se declaran traballadoras autónomas crecen de xeito significativo: eran o 9% en 2007 e acadan o 17% en 2013, 8 puntos máis, duplicando o seu peso na mostra. Unha lectura que se pode facer deste dato apunta aos cambios que está a impoñer a crise na estrutura do mercado laboral, en xeral, e no da EA, en particular. Resulta obvio que o aumento das persoas que se declaran traballadoras autónomas faise en detrimento de figuras contractuais máis estables, evolución que se pode interpretar como indicio de maior precarización, agravando unha situación que xa era unha eiva do sector denantes da crise (SOTO e PARDELLAS, 2010).

Pero o dato máis preocupante que deixa a lectura da táboa 1 é o que se refire á evolución do desemprego. Das 5 persoas desempregadas en 2007 pásase a 30 en 2013. En termos porcentuais, supón falar dunha taxa de paro no momento de aplicar o cuestionario (principios de 2013) do 30% sobre a mostra, unha taxa que non

Tipo de contrato/dedicación	2007	2013	Diferencial
Laboral indefinido	17	15	-2
Laboral a tempo completo	12	8	-4
Laboral a tempo parcial	15	8	-7
De duración indeterminada	7	7	0
Autónomo/a	9	17	+8
Socio/a traballador de cooperativa	3	3	0
Por prestación de servizos	16	7	-9
En prácticas	2	1	-1
Becario/a	3	0	-3
Estudiante	2	0	-2
Voluntario/a con remuneración informal	4	2	-2
Sen contrato (economía sumerxida)	4	0	-4
Desempregado/a	5	30	+25
Outros	2	3	+1
TOTAL	101	101	

Táboa 2. Distribución da mostra en función do tipo de contrato/dedicación en 2007 e 2013 (datos absolutos).

superaba o 6% en 2007⁴. Nun lustro os profesionais da EA en situación de desemprego multiplicáronse por 5, padecendo unha taxa de paro superior á española, o 27,16% no primeiro trimestre de 2013, e moi superior á galega, o 22,35% no mesmo trimestre (ENCUESTA DE POBLACIÓN ACTIVA,

2013). É dicir, non só medrou exponencialmente a taxa de paro, senón que tamén pasou de estar por debaixo da taxa de paro galega e española a estar claramente por enriba. Esta involución pódese interpretar como un indicio claro de que a crise está a impactar de xeito máis agudo sobre o campo da EA que sobre outros.

4 Para calcular a taxa de paro en 2007 é preciso descontar da mostra as persoas inactivas (bolseiros, estudantes e voluntarios). Tendo en conta as persoas que se declararon desempregadas en 2007, a taxa de paro resultante sería do 5,7%. Esta cifra está por debaixo da taxa de paro en España nese mesmo ano, que foi do 8,6%, e por debaixo tamén da taxa de paro en Galicia, que foi do 7,6% (Encuesta Población Activa, 2007). A taxa de paro de 2013 pode calcularse sobre o 100% da mostra dado que unicamente aparecen dous casos de persoas na extrana categoría de "voluntario/a con remuneración informal".

Con relación á taxa de paro hai outra lectura que agudiza aínda máis a intensidade con que a crise está a afectar á EA. Como xa se destacou, unha das características socio-demográficas do campo é o alto nivel académico da maioría dos seus profesionais: o 88,1% posúe estudos superiores universitarios, practicamente 9 de

cada 10. Pois ben, a taxa de paro entre a poboación activa española con estudos superiores acadou en 2012 o 15,2% (Encuesta de Población Activa, 2012), porcentaxe que duplica a taxa de paro dos e das profesionais de EA que participaron neste estudo (30,0%). De xeito revelador, a taxa de paro rexistrada no ano 2007 entre os traballadores con estudos universitarios no conxunto da poboación española, o 5,3% (Encuesta de Población Activa, 2007), coincidía, con lixeiras diferenzas, coa rexistrada pola nosa mostra no mesmo ano, o 5,7%.

Outra forma de valorar a evolución do campo da EA atende aos perfís ocupacionais dos profesionais. Como se pode apreciar na táboa 3, a maior parte dos perfís considerados perden activos entre

Posto	No 2007	Na actualidade
Educador/a ambiental	20	14
Coordinador/a de equipos, centros ou programas de EA	8	8
Técnico/a medio ambiente	9	7
Técnico/a en formación / información/sensibilización	5	3
Guía medioambiental	6	3
Monitor	17	8
Asesor/a ou consultor/a	2	5
Outros ámbitos da EA	17	9
Non traballa na EA	9	12
Non traballaba	8	31

Táboa 3. Distribución da mostra en función do perfil ocupacional do posto de traballo en 2007 e 2013 (datos absolutos).

2007 e 2013. En liñas xerais, pódese afirmar os perfís ocupacionais que cabe considerar, en principio, como máis cualificados e de maior nivel de responsabilidade son os que mellor resisten o impacto da crise (Coordinador/a de equipos, centros ou programas de EA; Técnico/a medio ambiente; Técnico/a en formación /información/sensibilización), mentres que os perfís menos esixentes son os máis afectados, nomeadamente o perfil de Monitor/a⁵.

Outra visión da situación dos profesionais da EA activos é a que ofrece a evolución salarial. A táboa 4 recolle os datos sobre o salario medio mensual que percibían en 2007 e o que estaban a percibir cando se aplicou o cuestionario, agrupados por franxas de ingresos. Se a moda de ingresos situábase en 2007 nas franxas de 901 a 1.200 € e de 1.501 a 1.800 €, en 2013 desprázase para situarse entre os 301 e os 600 € mensuais. É esta franxa a que máis crece, pasando de sumar o 7% da mostra en 2007 ao 19% en 2013. A franxa salarial que máis encolle é a de 901 a 1.200 €

5 Non existe unha clara correspondencia entre os perfís ocupacionais detectados na mostra e os definidos polo Servicio Nacional de Empleo-INEM na análise das ocupacións relacionadas co ámbito da Educación e a Información ambientais no estudo sobre os Perfiles de las ocupaciones medioambientales y su impacto sobre el empleo (IMEDES, 2008: 262-275), baseado en datos de 2007. Este desaxuste mostra a dificultade para regular profesionalmente o campo, que se expresa tamén na falta de correspondencia entre os perfís ocupacionais, os niveis de cualificación que requiren e os niveis formativos de quen os ocupan.

	2007	2013	Dife- rencial
0€	9	27	+18
100-300€	7	4	-3
301-600€	7	16	+9
601-900€	20	15	-5
901-1200€	22	12	-10
1201-1500€	22	15	-5
1501-1800€	8	9	+1
>1800€	4	3	-1
Sen datos	2	-	-
Total	101	101	

Táboa 4. Distribución da mostra en función das franxas salariais en 2007 e 2013 (datos absolutos).

mensuais, a dos chamados “mileuristas”, que perde ao 40% dos seus integrantes, pasando de agrupar ao 22% en 2007 ao 12% en 2013. As franxas de ingresos que parecen resistir mellor a crise son as que se sitúan por enriba dos 1.500 €, que practicamente non varían. Os que non perciben salario algún, pasan de ser 7% en 2007 ao 27% en 2013, 20 puntos máis.

A lectura destes datos permite extraer tres conclusións importantes para os obxectivos do estudo. En primeiro lugar, resulta evidente que as condicións salariais dos profesionais da EA en Galicia empeoraron no período considerado. En segundo lugar, tanto en 2007 como en 2013, pero de xeito máis acusado neste último ano, os niveis salariais non se corresponden nin co nivel formativo nin coas responsabilidades que soen asumir, en termos xerais, os e as

profesionais do campo da EA. E, en terceiro lugar, a crecente polarización que se aprecia nas franxas salariais, cunha maioría que afirman percibir salarios incluso por debaixo do salario mínimo interprofesional⁶ en España (en 2013, o 35% afirma cobrar menos de 900 € mensuais e o 25% menos de 600 € mensuais) e unha minoría que mantén salarios relativamente altos tendo en conta o nivel medio do sector (só o 12% da mostra cobra máis de 1.500 € mensuais en 2013, a mesma porcentaxe que en 2007)⁷.

A análise dos días traballados no último ano axuda a entender mellor a situación do campo no momento de realizar a enquisa. Neste caso non existe a posibilidade de comparar con 2007, pero a súa lectura non carece de interese na medida en que ilustra a inestabilidade laboral característica do sector. En base ao calendario oficial na Comunidade Autónoma de Galicia no ano

6 En España, o salario mínimo interprofesional era de 570,60 € en 2007 e de 645,30 € en 2013.

7 Según datos recollidos en 2006 no marco do Proxecto Fénix (Soto & Pardellas, 2010: 48) e referidos ao salario medio mensual dos traballadores das empresas galegas do sector da EA, o 65,7% cobraba entre 570€ e 900€ e o 28,6% entre 901€ e 1.200€. Unicamente o 2,9% cobraba salarios por enriba destas cantidades e ninguén o facía por debaixo do salario mínimo interprofesional da época. A comparabilidade destes datos cos optidos neste estudo para 2007 e 2013 non é fácil dado que no Proxecto Fénix só se recabaron datos das empresas galegas do sector e non se poido recabar información socio-laboral dos profesionais que traballaban para as administracións ou para o terceiro sector.

2012, pódense cifrar en 250 os días laborables⁸. Restando as vacacións ás que ten dereito calquera traballador contratado a tempo completo por un ano, pódese estimar en 220 os días traballados por quen gozase dunha situación laboral óptima. Pois ben, atendendo aos datos da táboa 4, só o 30% da mostra supera os 201 días traballados, o resto está por debaixo desta cifra. Case a mesma porcentaxe, o 29%, afirma ter traballado 100 días ou menos, é dicir, estiveron desocupados de xeito continuo ou discontinuo durante medio ano ou máis. Desta porcentaxe, dous terzos traballaron os días equivalentes a tres meses ou menos, colectivo que supón o 18% da mostra. 21 persoas, o 21% da mostra, afirma non ter traballado ningún día durante 2012. O dato é contundente: menos de 1 de cada 4 profesionais puido manterse ocupado durante todo o ano 2012, unha evidencia máis da depresión do sector, se ben a estacionalidade e a discontinuidade eran características previas do campo (Soto e Pardellas, 2010: 43).

8 Decreto 128/2011, do 30 de xuño, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2012 na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG N.º. 127, 4 de xullo de 2011.

A xeito de conclusión: do “decenio dourado” á depresión

A análise realizada evidencia o forte impacto negativo da crise sobre a situación dos e das profesionais da EA. O último lustro do século pasado e o primeiro do século XXI conformaron, vistos dende o presente, o decenio de ouro da EA en Galicia. Non o cualificamos así porque a situación socio-profesional do colectivo fose óptima ou porque as súas accións tiveran unha gran penetración social, senón porque nese período déronse pasos importantes para poñer en pé unha política pública de EA para reforzar o sector e darlle certa proxección de futuro.

A *Estratexia Galega de Educación Ambiental* (EGEA), a nivel institucional, ou a creación da Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA), a nivel corporativo, foron dous fitos relevantes nesa etapa de “relativo” esplendor. Cualificámolo “relativo” posto que é preciso recoñecer que boa parte das inercias anteriores mantivéronse, tanto a nivel institucional –a EGEA derivou en papel mollado para a Administración promotora-, como a nivel profesional –as condicións de traballo melloraron moi pouco con respecto ás décadas precedentes, como evidenciou o *Proxecto Fénix*-.

Pero o que se tiña avanzado quedou truncao pola irrupción da crise. Como reflicte este estudo, a crise está a actuar como o cabalo de Atila sobre a situación profesional do campo da EA. Máis que recortes, o que mostran os datos é a demolición do sector: unha taxa de paro en 2013 que multiplica por 5 a rexistrada en 2007, peores condicións contractuais agravándose as situacións de precariedade, ademais minguar os salarios percibidos. Os e as profesionais valoran agora peor a súa situación socio-profesional e perciben que as súas actuacións teñen que ver cada vez menos cos obxectivos e finalidades da EA.

O empeoramento das condicións laborais e profesionais contrasta co feito de que 8 de cada 10 profesionais teñan estudos superiores, constituíndo unha comunidade altamente cualificada pero tamén altamente precarizada. Un retrato nada benevolente da EA e da súa consideración social e institucional; un retrato en flagrante contradición coa suposta importancia que o labor educativo-ambiental ten para alcanzar o “desenvolvemento sostible”.

Este panorama reflicte que a resposta educativa á crise ambiental non é unha prioridade e non forma parte dos recursos necesarios para salvagardar os dereitos que sustentan os piares básicos do Estado do Benestar. A EA é un “recurso” prescindible e molesto nunha conxuntura de crise económica. Tamén hai que recoñecer que non parece que a EA, como movemento social

e corporativo, teña entre os seus logros o de ter promovido, tanto a nivel institucional como cidadán, o grao de conciencia necesario para vincular as causas estruturais da situación socioeconómica actual coas mesmas da crise socio-ambiental e, por tanto, de ofrecer nas propostas que ven defendendo unha liña de resiliencia diante dos retos derivados da mesma crise e das alternativas cara o futuro.

Os resultados dan pé a demandar dous tipos de accións complementarias. Dende o punto de vista institucional é preciso recuperar a construción dunha política pública de EA que debe ter na Administración Autonómica galega, polas competencias que asume, o principal actor responsable. Nesta liña, é preciso recuperar o pulo da inversión pública e das accións estratégicas para que o sector poida superar a depresión actual. Dende o punto de vista corporativo, é o propio sector, apoiado naqueles axentes e movementos sociais máis concienciados sobre a natureza estrutural da crise, o que demande un papel protagonista na construción participada de ditas políticas, poñendo en valor a súa cualificación e experiencia. En todo caso, a EA debe aspirar a situar a cuestión ambiental non só como parte da crise, senón como parte das solucións ineludibles á mesma crise, indo máis aló dos factores conxunturais e poñendo na diana as súas causas últimas: un modelo de desenvolvemento que non recoñece os límites biofísicos do planeta e non é capaz de re-

distribuír con equidade os recursos e os servizos que a biosfera nos presta.

Bibliografía

- BOURDIEU, P. (1997): *Razones prácticas. Sobre lana teoría de lana acción*. Barcelona: Anagrama
- BOURDIEU, P. (2007): *Él sentido práctico*. Madrid: Siglo XXI
- ESCOBAR, M. & JIMÉNEZ, S. (Dir.) (2011). *Green Jobs. Empleo verde en España, 2010*. Madrid: Fundación EOI.
- JIMÉNEZ HERRERO, L.M. & LEIVA, A. (Dir.) (2010). *Empleo verde en una economía sostenible*. Madrid: Fundación Biodiversidad, Observatorio de la Sostenibilidad en España.
- HERNÁNDEZ, R.; FERNÁNDEZ, C. e BAPTISTA, P. (2006). *Metodología de la investigación*. México D.F.: McGraw-Hill Interamericana de México
- IMEDES (2008). *Perfiles de las ocupaciones medioambientales y su impacto sobre el empleo*. Madrid: INEM-Ministerio de Empleo y Asuntos Sociales.
- INSTITUTO NACIONAL DE LAS CUALIFICACIONES-INCUAL (2008). *Catálogo nacional de cualificaciones profesionales*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia.
- LOIS, A. (2007). Ser educador ambiental en formación permanente, *Educación social. Revista de intervención educativa*, nº37, pp. 74-84.
- MEIRA, P.M. (2009). Outra lectura da historia da Educación Ambiental e algunha nota sobre a crise do presente, *Ambientalmente sustentable*, año IV, nº8, pp.16-43
- MEIRA, P.A. e PARDELLAS, M. (Coords.) (2010). *O Proxecto Fénix. Proceso de Diagnóstico e Actualización da Estratexia Galega de Educación Ambiental*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia.
- PARDELLAS, M. e MEIRA, P. A. (2012). Educación Ambiental en Galicia: crisis, ¿qué crisis?. *Carpeta Informativa del CENEAM*, febrero, pp. 5-8.
- SERANTES, A. (2013) “Equipamentos de Educação Ambiental na Galiza; quines são, de onde vêm, para onde vão”. En ALMEIDA, F.; PINTO, J.; e SILVA, J. *Aprender fóra de portas: redes, recursos e potencialidades. Libro de resumos XX Jornadas Pedagógicas de Educação Ambiental*, pp. 221-227 [consultado o 9 de outubro de 2013, en http://www.araceliserantes.com/Artigos_EA_files/XXJornadasASPEA.pdf]
- SOTO, S. & PARDELLAS, M. (2010). A profesionalización da Educación Ambiental en Galicia. En MEIRA, P. e PARDELLAS, M. (coords.) *Proxecto Fénix*. Tomo VI. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-CEIDA.